| co tempo atmosferico.<br>- Observar e discriminar os trazos de determinados obxetos para crear outros novos a partir deles.<br>- Explorar e utilizar materiais plásticos con precisión.<br>- Identificar os elementos propios dunha determinada paisaxe de montaña e situalos superpoñéndoos de forma correcta.<br>- Describir as caracteristicas esenciais dos esquemas básicos de diferentes tipos de follas e representalas convenientemente.<br>- Analizar distintas clases de animais mamíferos e diferenciar a súa forma, o seu desprazamento, o medio no que viven....<br>- Utilizar novas técnicas | | montaña de modo que se perciban os distintos planos.<br>- Identificar distintos tipos de follas, e é capaz de debuxalas e colorealas cos tons máis acordes, fixandose nos detalles.<br>- Recoñecer os animais do ámbito e colorea as súas cubertas imitando os modelos.<br>- Coñecer as calidades moldeables do algodón e obter resultados plásticos axeitados.<br>- Aplicar as témperas sobre un modelo observado previamente buscando un resultado esteticamente apreciable.<br>- Colorear os modelos que se lle ofrecen seguindo a orde paulatina das indicacións que se lle dan respecto ao uso edas ceras.<br>- Colorear harmoniosamente os elementos dunha composición, recórtalos con exactitude e despois colócalos no lugar axeitado. | as coas situacións reais.<br>- Observa con detenemento as características que conforman os obsetos, e é capaz de interesarse na realización doutros, productos da súa propia imaxinación.<br>Recoñece e sitúa os elementos característicos dunha paisaxe de montaña de modo que se perciban os distintos planos.<br>- Identifica distintos tipos de follas, e é capaz de debuxalas e colorealas cos tons máis acordes, fixandose nos detalles.<br>- Recoñece os animais do ámbito e colorea as súas cubertas imitando os modelos.<br>- Coñece as calidades moldeables do algodón e obten resultados plásticos axeitados. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| para aprender gozando.<br>- Aprender a usar as ceras e colorear modelos sinxelos logo de observacción minuciosa de.<br>- Mostrar confianza na propia capacidade creativa (colorear libremente, imaxinar situacións posibles...) | | | - Aplica as témperas sobre un modelo observado previamente buscando un resultado esteticamente apreciable.<br>- Colorea os modelos que se lle ofrecen seguindo a orde paulatina das indicacións que se lle dan respecto ao uso edas ceras.<br>- Colorea harmoniosamente os elementos dunha composición, recórtaos con exactitude e despois colócaos no lugar axeitado. | |

| TRIMESTRE 2 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
| - Utilizar a técnica do recortado irregular de papeis de cores para representar un cabalo ao encher o interior.<br>- Visualizar todos os elementos que constitúen unha paisaxe e interpretar as ordes distribuíndoos sobre un fondo dado.<br>- Afianzar a técnica do recortado a tesoira e gozar coa súa realización.<br>- Discriminar composicións con formas básicas diferentes para ser capaz de facer representacións orixinais combinando unhas e outras.<br>- Empregar ludicamente a liña e as formas, completando os esquemas arbóreos propostos.<br>- Reproducir modelos humanos mediante o debuxo e o coloreado. | - A figura humana: cabeza de fronte e de perfil. Observación de proporcións e trazos de a cara. Experimentación don diferentes xestos: alegría, enfado, reflexión, tristura.<br>- Animais: Uso de formas básicas para definir diferentes animais. Aves: Disposición e coloreada da súa plumaxe logo de análise detallada. Coloreado dun león e dunha bolboreta con tramas. Animais acuáticos: Sombreado dunha peixeira.<br>- Plantas: Observación de froitos naturais de consumo frecuente. Recortado e pegado de pezas sobre un modelo froiteiro.<br>- Obxetos: vehiculo de transporte. Recortable. Decorado de obxetos coas tramas propostas. Invención | - Seleccionar con facilidade os materiais necesarios para a realización da tarefa e aplícalos con corrección.<br>- Recoñecer e sitúar elementos característicos dunha paisaxe no lugar axeitado sobre o papel.<br>- Experimentar coa técnica do recortado gozando cos logros conseguidos.<br>- Identificar as distintas formas básicas dunha composición e ser. capaz de inventar modelos diferentes facendo as combinacións que cree axeitadas.<br>- Colorear completando e diferenciando os esquemas das árbores propostas.<br>- Debuxar e colorear correctamente os modelos humanos suxeridos.<br>- Deseñar máquinas fantásticas a partir dun modelo e | - Selecciona con facilidade os materiais necesarios para a realización da tarefa e aplícaos con corrección.<br>- Recoñece e sitúa elementos característicos dunha paisaxe no lugar axeitado sobre o papel.<br>- Experimenta coa técnica do recortado gozando cos logros conseguidos.<br>- Identifica as distintas formas básicas dunha composición e é capaz de inventar modelos diferentes facendo as combinacións que cree axeitadas.<br>- Colorea completando e diferenciando os esquemas das árbores propostas.<br>- Debuxa e colorea correctamente os modelos humanos suxeridos.<br>- Deseña máquinas fantásticas a partir dun modelo e | - CCEC<br>- CSC<br>- CAA<br>- CCL<br>- CMCCT<br>- CSIEE<br>- CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| - Expresar de forma espontánea vivencias fantásticas con fins lúdicos e crear máquinas ou dispositivos que elaboren productos sorprendentes.<br>- Imaxinar situacións divertidas nas que aparexcan elementos ou personaxes fantástios. Describilas verbalmente e reproducilas pictoricamente.<br>- Coñecer as propiedades dalgúns materiais comúns e as súas posibilidades comunicativas e lúdicas.<br>- Representar os xestos da cara sobre modelos ofrecidos incompletos.<br>- Mostrar confianza e seguridade no uso do grafito ao realizar os modelos propostos.<br>- Arender a planificar individualmente as fases do proceso de execución dunha composición paisaxística. | de novas tramas e aplicación sobre novos modelos.<br>- Paisaxe segundo as estacións do ano. Aspectos visuais da caracterización temporal dunha paisaxe. Elección de tonalidades e axeitada aplicación sobre os elementos de casa paisaxe.<br>- Creatividade: Motivos decorativos. Deseño de fantasia para decorar. Diferentes clases de tramas. Creación de grecas con liñas diversas. | facer que elabore productos orixinais e rechamantes.<br>- Esfórzase en imaxinar seres fantásticos e reprodúceos axilmente sobre o papel, aplicando o colorido de modo orixinal.<br>- Aplicar con acerto diferentes pigmentos de cor na consecución de animais atraentes.<br>- Observar as expresións de distintos rostros e produce xestos equivalentes en varios óvalos faciais.<br>- Manexar habilmente o grafito para perfilar e sombrear un robot.<br>- Ser capaz de organizarse antes de comenzar a realización dun traballo e producir resultados correctos.<br>- Colorear con témperas o modelo dado buscando un acabado apreciable.<br>- Manipular e experimentar o coloreado con ceras bran- | fai que elabore productos orixinais e rechamantes.<br>- Esfórzase en imaxinar seres fantásticos e reprodúceos axilmente sobre o papel, aplicando o colorido de modo orixinal.<br>- Aplica con acerto diferentes pigmentos de cor na consecución de animais atraentes.<br>- Observa as expresións de distintos rostros e produce xestos equivalentes en varios óvalos faciais.<br>- Manexa habilmente o grafito para perfilar e sombrear un robot.<br>- É capaz de organizarse antes de comenzar a realización dun traballo e produce resultados correctos.<br>- Colorea con témperas o modelo dado buscando un acabado apreciable.<br>- Manipula e experimenta o coloreado con ceras bran- | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| - Aplicar a técnica do coloreado con cera branda sobre os modelos ofrecidos e procurar obter cores de clara definición.<br>- Utilizar a linguaxe plástica para expresar os sentimientos.<br>- Gozar do resultado estético logrado ao aplicar detalladamente a cor. | | das e analizar os resultados.<br>- Colorear creativamente as pezas dun crebacabezas, gozando, despois, ao recompoñer a paisaxe producida.<br>- Analizar a situación mostrada pola imaxe e comunicar o que sente respecto á intervención do personaxe sobre as plantas.<br>- Comparar os diferentes resultados obtidos na realización dun mesmo exercicio e valora os traballos alleos. | das e analiza os resultados.<br>- Colorea creativamente as pezas dun crebacabezas, gozando, despois, ao recompoñer a paisaxe producida.<br>- Analiza a situación mostrada pola imaxe e comunica o que sente respecto á intervención do personaxe sobre as plantas.<br>- Compara os diferentes resultados obtidos na realización dun mesmo exercicio e valora os traballos alleos. | |

| TRIMESTRE 3 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
| - Experimentar nalgunhas composicións plásticas con novas texturas (teas) e descubrir as súas posibilidades expresivas. Comparar os resultados cos doutras técnicas.<br>- Coñecer as aplicacións da cor para achegar beleza plástica ao corpo humano e a súa vestimenta.<br>- Aprender a aplicar o coloreado de modo correcto, en canto ao trazo e aos detalles engadidos, para conseguir imitar a cuberta nos peixes.<br>- Aplicar as técnicas do recortado e o pegado con cortes seguros e precisos. Combinar as pezas ata formar unha bonita construción de cores.<br>- Potenciar a lectura de imaxes diversas; verbalizalas e interpretalas plasticamente de forma orixinal.<br>- Desenvolver a sensibilidade e o gusto polo belo e o creativo. | - Figura humana: o corpo nu e vestido. Posturas en movemento.<br>- Animais: cubertas de peixes e aves. Habitantes dunha árbore, mamíferos.<br>- Plantas: flores, árbores.<br>- Obxectos: formados por figuras xeométricas (rectángulo, cadrado, óvalo, círculo, triángulo).<br>- Paisase: de día, de noite, de campo, con animáis.<br>- Creatividade: vehículos fantásticos, composición abstracta. | - Descobrir o uso de materiais comúns como unha forma máis de expresión e representación plástica.<br>- Manipular con confianza as teas e emprégaas de forma lúdica.<br>- Aplicar con acerto diferentes pigmentos de cor na consecución de expresión corporal.<br>- Colorera as cubertas animais imitando os modelos e engadindo detalles que as caracterizan.<br>- Recortar e pega os elementos dunha composición plástica, recoñecendo a importancia que ten o emprego coidadoso destas técnicas no resultado final do traballo.<br>- Expresar verbalmente as imaxes que se lle mostran e interprétaas plasticamente de modo autónomo e orixinal.<br>- Identificar os elementos que aparecen nunha com- | - Descobre o uso de materiais comúns como unha forma máis de expresión e representación plástica.<br>- Manipula con confianza as teas e emprégaas de forma lúdica.<br>- Aplica con acerto diferentes pigmentos de cor na consecución de expresión corporal.<br>- Colorea as cubertas animais imitando os modelos e engadindo detalles que as caracterizan.<br>- Recorta e pega os elementos dunha composición plástica, recoñecendo a importancia que ten o emprego coidadoso destas técnicas no resultado final do traballo.<br>- Expresa verbalmente as imaxes que se lle mostran e interprétaas plasticamente de modo autónomo e orixinal.<br>- Identifica os elementos que aparecen nunha composición floral e relaciónaos correctamente.<br>- Recorta e pega con coidado | - CCEC<br>- CSC<br>- CAA<br>- CCL<br>- CMCCT<br>- CSIEE<br>- CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| - Analizar e identificar as cores empregadas na representación dalgúns momentos do día (amañecer, atardecer e noite) e aplicalos con corrección en cada caso. Comparar, despois, os resultados.<br>- Representar situacións imaxinadas e iniciarse na experimentación (manchas de cor con tapóns de rolla) como medio de desenvolvemento creativo.<br>- Observar modelos con formas básicas iguais e transformalos noutros que sexan completamente diferentes en canto á súa utilidade.<br>- Identificar imaxes do ámbito e establecer relacións sinxelas entre a realidade e a súa representación plástica.<br>- Explorar ludicamente as distintas clases de animais determinadas polas súas cubertas, como a plumaxe das aves, e comparar os elementos de voo.<br>- Utilizar a técnica do debuxo | | posición floral e relaciónalos correctamente.<br>- Recortar e pegar con coidado cada peza dunha colaxe floral.<br>- Analizar con precisión momentos distintos do día e da noite, localizar as diferencias e empregar os tons adecuados en cada ocasión, comparándoos cos modelos.<br>- Utilizar manchas de cor mostrando intrese polo resultado a obter.<br>- Analizar as formas básicas dos obxectos e con elas crea outros completamente diferentes.<br>- Extraer das imaxes caracteristicas identificadoras do seu referente real.<br>- Saber utilizar liñas e óvalos para encaixar a cabeza, o corpo e as extremidades dalgúns animais.<br>- Colorear as cubertas animais imitando os modelos.<br>- Manexar con soltura o lapis no repaso e o sombrea- | cada peza dunha colaxe floral.<br>- Analiza con precisión momentos distintos do día e da noite, localiza as diferencias e emprega os tons adecuados en cada ocasión, comparándoos cos modelos.<br>- Utiliza manchas de cor mostrando intrese polo resultado a obter.<br>- Analiza as formas básicas dos obxectos e con elas crea outros completamente diferentes.<br>- Extrae das imaxes caracteristicas identificadoras do seu referente real.<br>- Sabe utilizar liñas e óvalos para encaixar a cabeza, o corpo e as extremidades dalgúns animais.<br>- Colorea as cubertas animais imitando os modelos.<br>- Manexa con soltura o lapis no repaso e o sombreado do corpo dos animais.<br>- Progresa no uso da aplicación das ceras brandas ao levar a cabo o coloreado de | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a lapis no trazado e o sombreado do corpo dos animais.<br>- Afianzar o coñecemento das propiedades de pigmentos brandos como as ceras e das súas posibilidades plásticas.<br>- Mostrar seguridade no uso das témpèras e aplicalas con limpeza para conseguir un resultado estético.<br>- Seguir correctamente as instruccións que se dan para a realización do cuño: coloreado, pregado e pegado do modelo co fin de que o resultado sexa o mellor posible. | | do do corpo dos animais.<br>- Progresar no uso da aplicación das ceras brandas ao levar a cabo o coloreado de modelos sinxelos.<br>- Observar un modelo e é capaz de reproducilo manexando habilmente o pincel na aplicación da cor.<br>- Extraer con soltura as pezas acuñadas e seguir atentamente todas as pautas que se dan para realizar un obxecto tridimensional. | modelos sinxelos.<br>- Observa un modelo e é capaz de reproducilo manexando habilmente o pincel na aplicación da cor.<br>- Extrae con soltura as pezas acuñadas e segue atentamente todas as pautas que se dan para realizar un obxecto tridimensional. | |

# VALORES

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Valorar o uso responsable das fontes de enerxía do planeta.
- Consolidar unha forma persoal de ser respectable e digna.
- Entender a importancia de dereitos básicos como é a educación.
- Mellorar na resistencia á frustración como algo conveniente para superar as dificultades da vida.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Toma de conciencia da limitación de recursos enerxéticos.
- Explica a importancia de quererse a un mesmo e de querer aos demais.
- Entende a importancia dunha boa educación.
- Representa a súa personalidade de xeito positivo.

## ➢ PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### Procedementos de avaliación continua

Para realizar a avaliación do alumnado fixaremos tres momentos:

- Avaliación inicial: partiremos da información da familia, do informe do curso anterior (ben se a alumna/o procede doutro centro ou pola contra se xa estaba escolarizado no centro), tamén contemplaremos durante os primeiros días da clase o comportamento e desenvolvemento da nena/o mediante unha observación directa e, ao inicio de calquera unidade didáctica levarase a cabo unha exploración de coñecementos previos.

- Avaliación formativa: empregaremos unha observación directa e sistemática sobre os diferentes aspectos:

    - Grao de participación e interese nas tarefas colectivas.
    - Progresos e dificultades dos novos contidos.
    - Revisión diaria das actividades individuais.
    - Corrección de actividades na aula en gran grupo, pequeno grupo ou de maneira individual.

  Dita avaliación recollerase nun boletín informativo ao remate de cada trimestre que será entregado as familias.

- Avaliación sumativa ou final: mediante esta avaliación coñeceremos e valoraremos os resultados acadados polo alumno ao remate do curso e do nivel.

Á hora de determinar se a avaliación é positiva ou se debemos adoptar as medidas de reforzo pertinentes, tomaranse como referente os **criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe** que veñen sinalados en cada unha das distintas disciplinas.

Sinalaremos tamén neste epígrafe a **avaliación da propia programación**. Ao remate de cada unidade didáctica valorarase se a programación é acorde ao alumnado ao que vai dirixido. Este proceso será levado a cabo mediante a observación e revisión do traballo dos alumnos e alumnas ao longo de cada unidade.

Os contidos que non se chegaron a acadar ou nos que se fallou volveranse a retomar empregando outra metodoloxía diferente.

Ao final de cada trimestre e do curso tamén se fará unha avaliación da práctica docente, a cal nos sirve entre outras cousas para adoptar medidas, ver en que se fallou e como se poden remediar esas equivocacións.

### Instrumentos de avaliación

Os instrumentos que empregaremos neste curso para todas as áreas son: follas de seguimento, exercicios escritos, control e seguimento da cadernos, libros ou cadernos de traballo, anecdotario... O mestre ou mestra poderá pasar, ocasionalmente, algunha proba obxectiva ao seu grupo, pero sempre tendo en conta que estas deberán ter carácter experimental. É dicir, servirán unicamente para ir afacendo aos nenos e nenas ás normas e rutinas da proba escrita, e non para avaliar. Nestes cursos, o verdadeiro peso da avaliación recaerá no traballo diario dos alumnos/as.

Para valorar aos alumnos de segundo de primaria, as mestras que impartimos docencia nestes grupos teremos en conta os seguintes aspectos:

- Os exercicios realizados na aula.
- As participacións no encerado ou noutras situacións nas que se esixa.
- Respostas das preguntas diarias.
- Boa presentación nos cadernos, libros ou materiais a empregar na aula.
- O traballo puntual de reforzo para a casa.
- Interese e motivación.
- Comportamento, convivencia e respecto, por un lado, cara as compañeiras/os do mesmo curso ou doutro curso, e polo outro, e de cara os mestres ou profesionais non docente.

As alumnas/os daráselles esta información ao comezo do curso e recordaráselle sempre e cando se vexa necesario ao longo do curso. Tamén se lle notificará ás nais/pais ou titoras/es legais na reunión inicial do curso ou por outro medio de comunicación se non puideron asistir á mesma.

## ➢ METODOLOXÍA

Durante a etapa de Primaria e, máis especialmente nas idades temperás, a **atención á diversidade** deberá ser o eixo fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe. Deste xeito procuramos garantir un ensino máis individualizado que atenda ás necesidades de cada alumno/a e aos seus distintos estilos e ritmos de aprendizaxe. Este principio traducirase no emprego das seguintes estratexias:

- A secuenciación flexible de contidos, que nos permitirá atender aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado.

- O emprego de diferentes tipos de agrupamentos. Fomentarase tanto o traballo individual, fundamental no desenvolvemento da súa autonomía e competencia para aprender a aprender, como tamén o traballo colaborativo e en equipo, que cumpre un importante papel na adquisición da competencia cívica e social, así como na de desenvolvemento do espírito emprendedor.

- Uso de distintos recursos e materiais. Neste epígrafe faremos mención ás Tecnoloxías da Información e Comunicación, de vital importancia no currículo e que integraremos no desenvolvemento das distintas sesións, pero tamén ao material de reforzo e ampliación que usaremos en distintos formatos.

Outro dos principios fundamentais da metodoloxía é o **desenvolvemento integrado das competencias**, é dicir, o deseño de actividades e tarefas que esixan traballar en distintas competencias de forma combinada.

Por outra banda, neste curso daráselle especial importancia ao desenvolvemento de estratexias de **comprensión lectora**, que traballaremos a través de textos e imaxes en calquera soporte e formato.

## ➢ MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libros de texto

Ademais de outros materiais de uso común para todas as áreas, como son: o caderno de pauta dobre, caderno de cuadrícula, lapis e goma, pegamento, tesoiras, cartolinas, etc.

Cabe sinalar tamén neste epígrafe as fichas de traballo deseñadas polo titor/titora e os recursos dixitais dos que dispomos dentro da aula e nas instalacións do centro. Entre eles, os de uso máis común:

- Programas educativos
- Ordenador e proxector de aula

## ➢ CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Ao longo deste curso empregaranse os seguintes criterios de cualificación:

70% Traballos escritos, probas orais

20% Traballo na aula.

10% Actitude e comportamento.

## ➢ MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dentro dunha aula podemos atopar diferenzas no alumnado, como diferentes estilos cognitivos, ritmos de aprendizaxe, intereses e diferentes situación persoais e sociais, por iso, se queremos acadar unha escola para todos con capacidade de atender as necesidades de cada un, é dicir, unha escola inclusiva, debemos temos que levar a cabo:

### Medidas de reforzo e de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo:

- Medidas curriculares: mediante o traballo de programas didácticos e adaptacións curriculares.
- Medidas organizativas: traballarase o reforzo e os apoios educativos.
- As adaptacións son de distintos tipos e abarcan desde:
    - Adaptacións metodolóxicas de agrupamentos, de espazos, tempos e grao de complexidade das actividades.
    - Introdución de actividades alternativas e/ou complementarias.
    - Selección de materiais específicos (lectura perceptivo-global, textos curtos e esquemáticos, estimulación visual con imaxes en fotografía, debuxo gráfico, pictogramas,...) e uso das TIC.
    - Adaptacións nos obxectivos, contidos e avaliación (priorizando, secuenciando e/ou eliminando contidos, obxectivos ou criterios de avaliación) levados a cabo tras a aprobación dunha ACI, por parte de Inspección Educativa.
- No caso do alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo, tal e como se recolle no artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de presentar un desfase curricular de máis de dous anos, poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. Para este tipo de alumnado empregaremos materiais coma o UDICOM e o AVE.

**Medidas de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivadas da súa maior capacidade ou motivación para o aprendizaxe.**

- Fichas de ampliación e profundización de cada unidade.
- Ensinanza titorizada.
- Aplicación das TICs.
- Traballos de investigación.
- Realización de hipóteses.
- Lecturas e consultas de forma libre.

## ➢ ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Tal e coma se contempla no novo currículum, existen unha serie de elementos transversais que iremos traballando ao longo do curso a través das distintas áreas e disciplinas. Así como, se é  o caso, a través das diferentes actividades complementarias e extraescolares que se leven a cabo.

Son elementos transversais:

1 A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

2 A igualdade de oportunidades, que na nosa programación traducimos en medidas de flexibilización tales coma alternativas metodolóxicas e/ou adaptacións curriculares.

3 A igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, así como tamén a resolución pacífica de conflitos. Temas que adoitan xurdir de forma espontánea no día-a-día dunha clase e nos que pomos especial énfase en actividades coma o Día da Paz ou o Día da Muller Traballadora.

4 O desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, que traballaremos fomentando aptitudes coma a creatividade, a iniciativa, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

5 A seguridade viaria, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes coma usuarios das vías.

## ➢ ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Solicitaremos todas as actividades complementarias que consideremos de interese para o alumnado do 2º nivel.